



## A XUNTA PON EN MARCHA AS NOVAS INSTALACIÓNS DA UNIDADE DE DEMENCIAS MULTIDISCIPLINAR NO HOSPITAL MEIXOEIRO

- *Creouse unha área específica, con 7 consultas, na que se vai centralizar toda a atención aos pacientes con deterioro cognitivo*
- *A Unidade será atendida por un equipo multidisciplinar composto por especialistas en neuroloxía, psioxeriatría, psicoloxía, enfermaría e traballo social*
- *Os novos recursos permitirán ofertar unha abordaxe máis integral e homoxénea a estes pacientes e ás súas familias*

**Vigo, 21 de setembro de 2022.** A delegada da Xunta de Galicia, Marta Fernández-Tapias e o xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente, visitaron hoxe as novas dependencias da Unidade de Demencias Multidisciplinar do Hospital do Meixoeiro, que mañá xa iniciará a súa actividade.



A Unidade de Demencias, que leva tres anos en funcionamento, encárgase das actividades asistenciais que comprenden o diagnóstico e seguimento dos pacientes con estas patoloxías. Ata o momento, os enfermos eran atendidos por unha especialista en neuroloxía e persoal de enfermaría con consulta no Hospital Álvaro Cunqueiro, ademais de contar coa Unidade de Psioxeriatría no Meixoeiro. Agora se



centraliza esa atención creando unha área específica de 250 metros cadrados e 7 consultas no Meixoeiro.

Para isto foi necesario realizar unha obra de adaptación funcional dos espazos, que supuxo un investimento de preto de 150.000 euros.

A Unidade conta cun equipo multidisciplinar composto por 2 especialistas en neuroloxía, 1 en psioxeriatría, 1 en psicoloxía, 1 traballador social, 2 profesionais de enfermaría e persoal administrativo. Este equipo prevé atender a 1500 pacientes ao ano.

### **Abordaxe máis integral aos pacientes**

Calcúlase que na Área de Vigo hai 15.000 persoas con maior ou menor grao de deterioro cognitivo. Este dispositivo asistencial presta un servizo de carácter ambulatorio, de consultas externas, con recursos humanos e materiais suficientes para cubrir a demanda específica xerada pola rede de atención primaria, atención hospitalaria e sociosanitaria da área sanitaria.

Os novos recursos asistenciais permitirán ofrecer unha atención multidisciplinar aos pacientes con deterioro cognitivo, prestando unha abordaxe máis integral e homoxénea ás persoas con estas enfermidades.

O obxectivo é que cada paciente teña acceso a un proceso diagnóstico de calidade, un plan de intervención terapéutico apropiado e un seguimento acorde ás distintas fases da enfermidade; dando así resposta ás necesidades do enfermo e das súas familias.